# La Opinión
## A Coruña

**Director:** Francisco Orsini · **www.laopinioncoruna.com** Ano VIII. N.º 2.395. Xoves, 17 de maio de 2007 · Prezo: 1 euro


A operación de participación financeira está ao redor dos trece millóns de euros

# Os donos de Caramelo negocian a entrada de Jove como novo socio

- As dúas familias que controlan a firma téxtil iniciaron os contactos co ex presidente de Fadesa
- "A chegada de novos investidores é unha oportunidade para ser máis potentes", di Manuel Caramelo

As familias Caramelo e Gestal, accionistas únicos da sociedade téxtil coruñesa Caramelo, cun 24% e un 76% do capital social respectivamente, negocian a entrada do ex presidente da promotora Fadesa, Manuel Jove, como novo socio financeiro para emprender novos plans de expansión da firma. Os contactos fóronlle confirmados onte a este xornal por ambas as dúas partes. A entrada de Jove en Caramelo podería supór un investimento de máis de 13 millóns de euros. "A chegada de novos investidores é unha boa oportunidade para ser máis potentes", declarou onte á noite Manuel Caramelo, un dos propietarios da compañía téxtil.

Páxina 60

GALICIA

## A Xunta revisará 180 quilómetros nos ríos para evitar as enchentes

Examinará ademais os plans urbanísticos dos leitos dos concellos ribeireños

Páxina 39



José García Buitrón.

JOSÉ GARCÍA BUITRÓN
Novo xerente do Complexo Hospitalario Juan Canalejo

## "É imposible que os doentes se sintan ben atendidos en Urxencias"

"Temos que ampliar a actividade asistencial ás tardes", di o novo xerente do Canalejo

Páxina 31



CARLOS PARDELLAS

## O Festival Mozart iniciouse co 'Réquiem' e estrea hoxe 'Il re pastore', unha ópera sobre as intrigas do poder

As personaxes de *Il re pastore*, a nova produción do Festival Mozart que se estrea hoxe no Teatro Rosalía, discuten como debe ser un bo mandatario, unha reflexión moi oportuna para un momento electoral. Esta ópera, que o xenial compositor austríaco creou con só 19 anos, verase hoxe por primeira vez na historia do festival na Coruña, Na foto, o concerto de 'Réquiem', que abriu onte o festival no Teatro Colón.

Páxinas 36 e 37

EDUCACIÓN

**Pais dos Rosales levarán ao Concello unha queixa pola falta de prazas escolares avalada por mil sinaturas**

Páxina 30

A CORUÑA

**A Audiencia Provincial ordena a reparación inmediata do aparcadoiro subterráneo de San Cristóbal**

Páxina 29

DEPORTIVO

**Caparrós comunícalle a Lendoiro o seu desexo de abandonar o Deportivo despois do 30 de xuño**

Páxina 69

MUNDO

**Sarkozy estrea a presidencia de Francia cunha viaxe a Berlín para relanzar a Constitución europea**

Páxina 52

## Hoxe con La Opinión

### Lámina das Letras Galegas



Hoxe, **gratis**, co xornal, no Día das Letras Galegas, entrégase unha superlámina cos autores homenaxeados

ÍNDICE


| | | | |
|---|---|---|---|
| ELECCIÓNS | 2 | MAR | 68 |
| A CORUÑA | 30 | DEPORTES | 69 |
| GALICIA | 39 | CULTURA | 77 |
| OPINIÓN | 46 | TEMPO | 78 |
| CARTAS | 47 | CARTELEIRA | 79 |
| ESPAÑA | 51 | CLASIFICADOS | 81 |
| MUNDO | 52 | AXENDA | 82 |
| SOCIEDADE | 54 | PASATEMPOS | 83 |
| SUCESOS | 59 | TELEVISIÓN | 86 |
| ECONOMÍA | 60 | | |


11° TEMPERATURAS MÍNIMA - MÁXIMA 21°





